



BOP

MÉRCORES, 16 DE SETEMBRO DE 2020 N.º 213

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrência e dependencia, correspondente aos meses de maio e xuño de 2020, polos seguintes importes:

- Modalidade libre concorrência: 1.980,57 €
- Modalidade dependencia: 10.008,90 €

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrência e dependencia correspondentes aos meses de maio e xuño de 2020, terá lugar dende o día 3/09/2020 ao 3/11/2020 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 3 de setembro de 2020 .-A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2104

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓNS FISCAIS 2020 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 7.09.2020 aprobáronse os seguintes padróns Fiscais:

- Taxa pola prestación dos servizos no Cemiterio
- Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local con:
 - a) Escaparates
 - b) Marquesiñas
 - c) Toldos
 - d) Colectores na vía pública
- Taxa por ocupación subsolo vía pública
- Taxa por estacionamento nas vías públicas dos autotaxis e demais vehículos de alugueiro
- Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva de espazo na vía pública para aparcamentos exclusivos, carga e descarga de mercancías de calquera clase

- Taxa pola instalación de quioscos na vía pública
- Taxa postos feira
- Taxa pola utilización do dominio local no mercado ou praza de abastos

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza Xeral dos Ingresos Municipais de Dereito Público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 21.09.2020 ata o 23.11.2020.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedeleemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 8 de setembro de 2020.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 2105

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DE AGOSTO 2020.

Por Resolución de alcaldía de data once de setembro de 2020, resólvese prestar aprobación da devandita listaxe que estará exposta nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 12 de outubro de 2020 ao 14 de decembro de 2020**, ámbolos dous inclusive.

B) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 11 de setembro de dous mil vinte.

A Pontenova, 11 de setembro de 2020.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 2106

QUIROGA

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria (substitutivo) celebrada o día 11 de setembro de 2020, o expediente de modificación de créditos (Transferencia de Créditos), referencias SC-01/2020, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, exponse ao público nas oficinas municipais deste Concello, polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación. No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente aprobada a modificación orzamentaria sen necesidade de novo acordo plenario.

Quiroga, 11 de setembro de 2020.- O ALCALDE, Julio Álvarez Núñez.

R. 2107

RIBADEO

Anuncio

Faise público que por acordo plenario de 9 de xuño de 2020 acordouse prestar aprobación inicial á modificación do Regulamento de Réxime Interior da Residencia municipal Hospital Asilo de San Sebastián e San Lázaro.

Publicado no BOP de Lugo num. 143 de data 23 de xuño de 2020 o anuncio outorgando prazo de trinta días para alegacións ou reclamacións non se formulou ningunha elevándose en consecuencia a definitivo o texto da modificación inicialmente aprobada que é o seguinte:

MODIFICACIÓNS NO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA RESIDENCIA MUNICIPAL HOSPITAL ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO.

1º.- Onde di :

“ART. 4. INGRESO DOS USUARIOS

Na permanencia no Centro respetarase a propia vontade dos usuarios ou do seu representante legal.

No suposto de que o usuario fora declarado incapaz xudicialmente e nomeado o seu tutor, as decisións relevantes corresponderán ao mesmo. Sen prexuízo en caso de ser preciso, da intervención do Xuíz competente.

Requisitos:

Para residentes en Ribadeo ou emigrantes de Ribadeo (ó estranxeiro ou a outro lugar de España).

Requisitos.

Maior de 65 anos - Ou maior de 60 sendo pensionista

Residente no Concello de Ribadeo, cunha antigüidade de polo menos dous anos de empadramento, ou ter emigrado, tras haber estado empadroad polo menos dous anos durante a súa vida no Concello de Ribadeo.

Terán preferencia as persoas con menos recursos económicos.

... “

Pasará a dicir:

ART. 4. INGRESO DOS USUARIOS

Na permanencia no Centro respectarase a propia vontade dos usuarios ou do seu representante legal.

No suposto de que o usuario fora declarado incapaz xudicialmente e nomeado o seu titor, as decisións relevantes corresponderán ao mesmo. Sen prexuízo en caso de ser preciso, da intervención do Xuíz competente.

Requisitos:

Maior de 65 anos - Ou maior de 60 sendo pensionista

Acadar a puntuación mínima de no Baremo de Valoración da Necesidade e Idoneidade, en diante BVNI (ANEXO IV) de 120 puntos, agás que se acrediten circunstancias sanitarias e/ou sociais, que aconsellen non ter en conta dito requisito. En todo caso, será estritamente necesario que esta circunstancia estea avaliada no Informe de Valoración Social (IVS) e demais documentación xustificativa, e que teña conformidade da Comisión Mixta de Valoración.

Terán preferencia as persoas con menos recursos económicos.

2º.- Incluir como ANEXO o Baremo de Valoración de Necesidades e Idoneidade (BVNI) que se adxunta.

ANEXO II: BAREMO DE VALORACIÓN DE DA NECESIDADE E IDONEIDADE (BVNI)				
ESCALA ACTIVIDADES FÍSICAS E PSÍQUICAS				
ACTIVIDADES	PUTUACIÓN en función da necesidade	Persoa autónoma	Persoa que precisa apoios	PUNTUACIÓN
		0,5	1,50	
COMER E BEBER				
Abrir botellas e latas	1,00	0,5	1,50	
Cortar ou partir os alimentos en anacos	1,00	0,5	1,50	
Usar cubertos para levar a comida á boca	1,50	0,75	2,25	
Suxeitar recipientes	1,50	0,75	2,25	
Achegarse ó recipiente de bebida á boca	1,25	0,62	1,88	
Sorber as bebidas	1,25	0,62	1,88	
TOTAL				
REGULACIÓN DA MICCIÓN/DEFECACIÓN				
Acudir a un lugar adecuado	0,50	0,25	0,75	
Manipular a roupa	0,50	0,25	0,75	
Adoptar e abandoar a postura adecuada	0,50	0,25	0,75	
Limparse	0,50	0,25	0,75	
Continencia micción	1,00	0,5	1,50	
Continencia defecación	1,00	0,5	1,50	
TOTAL				
ASEO PERSONAL				
Lavar as mans	1,00	0,5	1,50	
Lavar a cara	1,00	0,5	1,50	
Lavar a parte inferior do corpo	1,50	0,75	2,25	
Lavar a parte superior do corpo	1,50	0,75	2,25	
TOTAL				
OUTROS COIDADOS CORPORAIS				
Peitearse	0,50	0,25	0,75	

Cortar as unllas	0,25	0,125	0,38	
Lavar o pelo	0,25	0,125	0,38	
Lavars os dentes	0,50	0,25	0,75	
TOTAL				
VESTIRSE				
Calzarse	1,00	0,5	1,50	
Abotoarse os botóns	1,00	0,5	1,50	
Vestir pezas da parte inferior do corpo	2,00	1	3,00	
Vestir pezas da parte superior do corpo	2,00	1	3,00	
TOTAL				
MANTEMENTO DA SAÚDE				
Aplicar medidas terapéuticas recomendadas	1,00	0,5	1,50	
Esquece a ubicación, perde ou coloca erroneamente obxectos de valor	1,00	0,5	1,50	
Esquece feitos cotiáns ou recentes	1,00	0,5	1,50	
Dificultade para lembrar palabras e nomes	1,00	0,5	1,50	
Dificulade en lembrar a súa historia persoal	1,50	0,75	2,25	
TOTAL				
TRANSFERENCIAS CORPORAIS				
Senta	1,50	0,75	2,25	
Tombarse ou deitarse	1,50	0,75	2,25	
Poñerse de pé	2,00	1	3,00	
Cambiar de postura unha vez sentado/a	1,00	0,5	1,50	
Cambiar de postura unha vez deitado/a	1,00	0,5	1,50	
TOTAL				
TAREFAS DOMÉSTICAS				
Preparar comidas	3,00	1,5	4,50	
Facer a compra	2,00	1	3,00	
Limpar e coidar da vivenda	1,00	0,5	1,50	
Lavar e coidar a roupa	1,00	0,5	1,50	
TOTAL				
TOMAR DECISIÓNS				
Actividades de autocoidado	2,00	1	3,00	
Actividades de mobilidade	1,50	0,75	2,25	

Pedir axuda ante unha urxencia	1,00	0,5	1,50	
Capacidade de manter relacións interpersoais	1,00	0,5	1,50	
Xestión do diñeiro	1,00	0,5	1,50	
TOTAL				
TOTAL ESCALA ACTIVIDADES FÍSICAS E PSÍQUICAS				

ESCALA SOCIAL		
		PUNTUACIÓN
IDADE DA PERSOA SOLICITANTE		
De 60 ata 64 anos	2,00	
De 65 ata 74 anos	4,00	
De 75 ata 84 anos	6,00	
De 85 ata 89	8,00	
Máis de 90	10,00	
TOTAL		
UNIDADE DE CONVIVENCIA		
Persoas que viven con familiares e non permanecen moito tempo sós	2,00	
Persoas que viven con familiares e permanecen moito tempo sós, e se lles presta as atencións mínimas	4,00	
Persoas que viven soas pero ten unha rede de apoio social axeitada	6,00	
Persoas que viven con familiares que permanecen moito tempo sós e non lles poden prestar as atencións mínimas	8,00	
Persoas que viven soas e non teñen unha rede de apoio social axeitada	10,00	
TOTAL		
TIPOLOXÍA DAS RELACIÓNS DENTRO DA UNIDADE DE CONVIVENCIA		
Existe integración na unidade de convivencia, pero con relacións deterioradas e/ou contradictorias	2,00	
Illamento afectivo e/ou sen integración na unidade de convivencia	4,00	
Situación de maltrato físico, psíquico, económico ou de outra tipoloxía	6,00	
Semiabandono ou abandono encuberto	9,00	
TOTAL		
HABILIDADES DO COIDADOS		
A persoa coidadora ten as habilidades e destrezas necesarias para prestar uns coidados axeitados	2,00	
A persoa coidadora necesita de axudas puntuais para prestar os coidados	4,00	
A persoa coidadora necesita de axudas para prestar os coidados	6,00	

A persoa coidadora non ten as habilidades e destrezas necesarias para prestar os coidados	8,00	
A persoa coidadora tamén precisa de coidados e axudas	10,00	
TOTAL		
OUTROS RECURSOS SOCIAIS		
Non recibe ningún recurso sociocomunitario, pero non o necesita	2,00	
Recibe prestación de teleasistencia	3,00	
Recibe prestación de SAF cunha alta cobertura de necesidades	4,00	
Recibe prestación de SAF cunha media cobertura de necesidades	6,00	
Recibe prestación de SAF cunha baixa cobertura de necesidades	8,00	
Non recibe ningún recurso sociocomunitario, aínda que o precisa	10,00	
TOTAL		
RECURSOS ECONÓMICOS		
Maior de 2 veces IPREM e menor ou igual a 2,5	2,00	
Maior de 1,5 veces IPREM e menor ou igual a 2	4,00	
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual ao 1,5	6,00	
Menor ou igual ao 0,80 IPREM	8,00	
TOTAL		
ALOXAMENTO		
Dispor de vivenda en condicións óptimas de habitabilidade e hixiene	2,00	
Dispor de vivenda en condicións suficientes de habitabilidade e hixiene	4,00	
Dispor de vivenda que carece de condicións mínimas de habitabilidade e hixiene	4,00	
Residir nunha infravivenda (non reúne condicións mínimas de habitabilidade e/ou carece de subministracións básicas)	8,00	
TOTAL		
BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS OU CARACTERÍSTICAS NO FOGAR QUE AUMENTEN O RISCO DE ACCIDENTES DOMÉSTICOS		
Boa, non existe barreiras/riscos	2,00	
Regular: existencia dalgunha barreira mellorable da vivenda	4,00	
Mala: dificultade de acceso ou algunha deficiencia na vivenda	6,00	
Moi deficiente: graves deficiencias no acceso ou na vivenda	10,00	
TOTAL		
TOTAL ESCALA SOCIAL		

ESCALA DE PROXIMIDADE		
PROXIMIDADE AO CENTRO		PUNTUACIÓN
Municipio da provincia de Lugo, non limítrofe ao do servizo, onde se atopa o recurso e que teña centro de atención	4,00	
Municipio da provincia de Lugo, non limítrofe ao do servizo, sempre que non teña centro, no seu municipio de orixen	8,00	
Municipio da provincia de Lugo, limítrofe ao do servizo, onde se atopa o recurso e que teña centro	10,00	
Municipio da provincia de Lugo, limítrofe ao do servizo, sempre que non teña centro, no seu municipio de orixen	20,00	
Dentro das limitacións xeográficas do municipio onde se atopa o centro	35,00	
TOTAL		
EMPADROAMENTO		
Non se atopa empadroado/a no municipio	2,00	
Leva empadroado/a menos de un ano no municipio	5,00	
Leva empadroado/a entre dous e catro anos no municipio	20,00	
Leva empadroado/a entre cinco e dez anos no municipio	30,00	
Non se atopa empadroado/a neste momento, pero estivo con anterioridade ao seu ingreso nun centro de atención a persoas maiores doutro concello	35,00	
Leva empadroado/a mais de dez anos no municipio	40,00	
TOTAL		
VINCULACIÓN CO MUNICIPIO		
Non naceu no municipio onde se atopa o centro nin ten familiares nel	2,00	
Non naceu no municipio onde se atopa o centro pero ten familiares nel	4,00	
Naceu no municipio onde se atopa o centro e non ten familiares nel	6,00	
Emigrante retornado, dun país non comunitario da UE, natural do municipio	6,00	
Emigrante retornado, dun país comunitario da UE, Suíza ou España, natural do municipio	14,00	
Naceu no municipio onde se atopa o centro e ten familiares nel	20,00	
TOTAL		
VINCULACIÓN CO CENTRO		
Non ten ningún familiar no centro	2,00	
Ten un familiar de segundo grado (p. ex. irmáns/irmás)	10,00	
Ten un familiar de primeiro grado (pais/nais; fillos/as)	20,00	
Ten a súa parella legamente recoñecida (cónxuxe ou parella de feito)	30,00	
TOTAL		
TOTAL ESCALA DE PROXIMIDADE		

TOTAL BAREMO	PUNTUACIÓN
ESCALA ACTIVIDADES FÍSICAS E PSÍQUICAS	75,00
ESCALA SOCIAL	75,00
	150,00
ESCALA DE PROXIMIDADE	125,00
TOTAL BAREMO	275

3º.- Incluir como ANEXO o Informe de Valoración Social (IVS) que se adxunta.

ANEXO I

INFORME DE VALORACIÓN SOCIAL PARA O ACCESO AOS SERVIZOS EN CENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES

Indicar aqueles aspectos máis relevantes que dan lugar a puntuación no BVNI

Co obxecto de dar cumprimento ao establecido na Ordenanza para o acceso ao Servizo de Atención Residencial e Servizo de Atención Diúrna no Centro de Atención a Persoas maiores de , que se prestan na actualidade no Centro de atención a persoas maiores de RIBADEO

O/a técnico/a de servizos sociais José Luís Gegunde López do *Concello* RIBADEO informa, en relación coa solicitude presentada con data____ por na cal demanda:

O seu acceso ós servizos de:

- ☒ Servizo de atención residencial ☐ Servizo/s complementario/s: _____
- ☐ Servizo de atención diúrna a xornada completa.
- ☐ Servizo de atención diúrna a media xornada.

Mediante a modalidade:

- ☒ Ordinaria
- ☐ Excepcional:
- ☐ Vía Emerxencia
- ☐ Vía Respiro Familiar

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS E NOME	
DNI/NIE	
DATA E LUGAR DE NACEMENTO	
ENDEREZO	
TELÉFONOS DE CONTACTO	
ESTADO CIVIL	

2. NÚCLEO DE CONVIVENCIA

	NOME E APELIDOS	PARENTESCO	DATA DE NACEMENTO	PROFESIÓN	OCUPACIÓN
1					
2					
3					
4					
5					
6					

3. SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR (indicar o mais relevante que deu lugar a puntuación no baremo)**4. SITUACIÓN ECONÓMICA**

- Ingresos e procedencia dos mesmos: *ingresos, procedencia e total (con p.extras prorrateadas)*
- Bens Patrimoniais
- Cargas e gravámenes de natureza real que diminúan o seu valor:

5. SITUACIÓN SOCIOSANITARIA

- Problemas de saúde diagnosticados que afecten ao seu desenvolvemento social:
- Problemáticas de adiccións:
- Saúde mental:
- Discapacidade e/ou dependencia: (indicar se está recoñecida ou en trámite)

6. DATOS RELATIVOS Á VIVENDA**7. VALORACIÓN DIAGNÓSTICA E PROPOSTA TÉCNICA RESPECTO DO ACCESO AO SERVIZO**

Ao abeiro dos criterios establecido Ordenanza para o Acceso ao Servizo de Atención Residencial e Servizo de Atención Diúrna no Centro de Atención a Persoas Maiores de _____, en relación á tramitación do expediente:

Primeiro.- A persoa solicitante reúne os seguintes requisitos xerais para ser usuario/a do Servizo, sendo estes:

- ☐ Atoparse nunha situación de necesidade, vulnerabilidade ou risco por razóns sociais ou sanitarias.
- ☐ Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa activa, enfermidade crónica en estado terminal ou que requira atención imprescindible nun centro hospitalario, ou nun centro de servizo sociais especializados.
- ☐ Non padecer alteracións mentais ou perda de autocontrol predominante que poida perturbar gravemente a convivencia no centro e requira ser atendido nunha unidade especializada. No caso de persoas que poidan padecer algunha sintomatoloxía aditiva deberán, de cara a manter unha conduta axeitada e garantir o respecto sobre o dereitos do resto das persoas usuarias, recibir tratamento específico de desintoxicación e deshabitación por profesionais e/ou entidades especializadas.

Segundo.- A persoa usuaria reúne os seguintes requisitos específicos:

- ☐ Ter cumpridos 65 anos e estar afectado/a por un deterioro físico ou relacional que faga aconsellable a súa atención nun centro dotado de servizos socio-sanitarios.
- ☐ Ter 60 anos e ser pensionista, atopándose nunha situación que aconselle o acceso a este Servizo.
- ☐ Para o acceso ao Servizo de Atención Residencial, a persoa solicitante acada a puntuación de mínima de 120 puntos no Baremo de Valoración da Necesidade e Idoneidade, cumprindo o mínimo esixido para o acceso.
- ☐ Para o acceso ao Servizo de Atención Residencial, a persoa solicitante non acada a puntuación mínima de 120 puntos, acreditándose circunstancias sanitarias e/ou sociais que aconsellen non ter en conta dito requisito para o seu acceso.

Terceiro.- Sobre a incompatibilidade do Servizo demandado, tense en conta que a persoa usuaria:

- ☐ Non é beneficiaria doutro servizo/recurso/prestación para apoios, coidados e atención.
- ☐ É beneficiaria doutro servizo/recurso/prestación para apoios, coidados e atención. (indicar cales): _____
- ☐ É beneficiaria doutro servizo/recurso/prestación para apoios, coidados e atención, atopándose nunha situación de vulnerabilidade, polo que se valora necesario establecer a compatibilidade, facendo constar a seguinte valoración técnica: _____
- ☐ É beneficiaria do Servizo de Axuda no Fogar e Servizo de Teleasistencia Domiciliaria, financiados ambos con fondos públicos, referindo que se dará de baixa nos mesmos en caso de acceso a praza de Atención Residencial mediante Modalidade Ordinaria.

En base ó anterior, CONCLÚESE:**Primeiro-**


- ☐ Valórase favorablemente o acceso ao Servizo de *atención residencial*
- ☐ Non se valora favorablemente o acceso ao Servizo de *atención residencial*

Segundo.- En caso de valoración favorable para o acceso ao Servizo, este realizarase atendendo as circunstancias descritas na valoración diagnóstica, sendo o mesmo mediante a modalidade *ordinaria/excepcional* (indicar vía de acceso)

Terceiro.- Establécese como participación da persoa usuaria na prestación dos servizos a seguinte:

- a) Participación no custo no Servizo de Atención Residencial, mediante modalidade ordinaria: _____
- b) Participación no custo dos servizos básicos na modalidade excepcional e/ou servizos complementarios:

Tipoloxía do Servizo:	Custe (100% do Servizo):

**TOTAL A ABOAR MENSUALMENTE:****Sinatura:****Data:**

O que se fai público para xeral coñecemento facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do T.S.X.G. no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Ribadeo, 11 de setembro de 2020.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA. O SECRETARIO EN FUNCIÓNS, JOSÉ RODIL VEIGA.

R. 2108

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA
XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

D/Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 003 DE LUGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/Dª YARUSKA AZAHARES CAJIGAL contra MONET 2000 SL, CARLANCA IBERICA SLU , FOGASA , BASICO DE MÖNET BDM SL , SUSANA LOPEZ VENTOSA , ALEJANDRO SANTOS FERNANDEZ , en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000263 /2018 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar** a SUSANA LOPEZ VENTOSA, ALEJANDRO SANTOS FERNANDEZ , en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día **26/10/2020 a las 11:10 horas** para conciliación y a las **10.20 horas** en Planta 4 - Sala 8 - Edif. Xulgados, **para la celebración de juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **SUSANA LOPEZ VENTOSA, ALEJANDRO SANTOS FERNANDEZ** , se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En LUGO, a diez de septiembre de dos mil veinte. **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2109